

**ROGO DE AER SOBRE A CONSTITUCIÓN DO CONSELLO DA INFANCIA. (Rex. Entrada 29.11.2017, 2017-E-RPLN-9).**

PLENO 28 DECEMBRO 2017. ACTA 014/2017

**Sobre a constitución do Consello da Infancia.**

Fai un ano e oito meses, esta Agrupación presentaba no Pleno ordinario de marzo de 2016 unha moción sobre a Adhesión ao Programa “Cidades Amigas da Infancia” promovida por UNICEF.

- Os obxectivos deste Programa son:
- Promover a creación de plans locais da infancia e adolescencia.
- A participación cidadá dos nenos na vida municipal
- Impulsa todo tipo de políticas municipais tendentes a favorecer o desenrolo dos dereitos da infancia e a adolescencia

E dinamizar a colaboración cidadá e a coordinación institucional, como vías para facilitar a mellora continua e o desenvolvemento destas políticas. Despois de agardar máis de ano e medio para que se puxera en marcha o Programa e se iniciara coas actividades que promovan a participación infantil no eido do noso municipio, como foi no Pleno Infantil celebrado o 22 de novembro.

**ROGAMOS que poñades en marcha o antes posible a constitución do Consello da Infancia e así non deixar esquecidas as propostas tan ben traballadas e expostas polas nenas e nenos no Pleno Infantil.**